

Rúbrica avaliación docente

| | 100% | 75% | 50% | 25% |
|---|--|--|---|---|
| CA2.5- Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais. | Participa en situacións de comunicación oral empregando un vocabulario rico e un discurso coherente, claro e ordenado que lle permite expresar as súas ideas, opinións e emocións. | Participa en situacións de comunicación oral utilizando un vocabulario axeitado e variado e comunicando ideas, opinións e emocións cun discurso bastante coherente e ordenado. | Comunica ao resto de persoas as súas emocións empregando un vocabulario axeitado. | Participa en situacións de comunicación oral con dificultades para comunicar as súas emocións e utilizando un vocabulario pouco axeitado e moi pobre. |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de | Redacta un texto descritivo respectando con precisión a súa estrutura e empregando unha linguaxe axeitada con vocabulario amplo, rico e variado. Aplica as regras gramaticais e ortográficas. | Redacta un texto descritivo respectando con bastante precisión a súa estrutura e empregando un vocabulario rico e variado. Aplica case sempre correctamente as regras gramaticais e ortográficas. | Defínese nun texto escrito empregando unha linguaxe axeitada e presentando unha variedade de características. | Redacta un texto descritivo pouco estruturado con imprecisións, repeticións e vocabulario pobre. Comete faltas destacadas relacionadas coas regras gramaticais e ortográficas. |

| planificación, textualización, revisión e edición. | | | | |
|---|---|--|--|--|
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. | Produce textos escritos de complexidade destacable e cunha adecuada extensión nos que expresa de forma orixinal e creativa as súas vivencias, aplicando con corrección as normas gramaticais. | Produce textos escritos cunha extensión que atende ao fundamental, nos que expresa de forma bastante creativa as súas vivencias, tendo en conta as normas gramaticais. | Redacta as súas propias vivencias utilizando unha linguaxe variada, axeitada e cunha sintaxe correcta. | Redacta as súas propias vivencias con falta de orde, sen un rexistro adecuado e aplicando con incorreccións importantes as normas gramaticais. |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuizos. | Valora de forma explícita as cualidades do resto de persoas cunha actitude respectuosa evitando e reflexionando sobre os prexuizos e a discriminación. Amosa un alto nivel de conciencia e autocrítica. | Valora as cualidades do resto de persoas cunha actitude respectuosa, evitando prexuizos e discriminacións cara os demais. | Valora as cualidades do resto de persoas amosando que non ten prexuizos de ningún tipo ou condición na lectura de textos escritos. | Valora as cualidades do resto de persoas, sen adoptar sempre unha actitude respectuosa nen identificar prexuizos. |

CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.

Redacta textos de carácter descritivo seguindo autónoma e deliberadamente todas as fases do proceso de escritura, presentando as ideas con coherencia, empregando un vocabulario adecuado e aplicando con conciencia e corrección as regras gramaticais e ortográficas.

Redacta textos de carácter descritivo seguindo con bastante autonomía as fases do proceso de escritura, presentando as ideas con coherencia, empregando un vocabulario adecuado e aplicando con bastante corrección as regras gramaticais e ortográficas.

Redacta e posteriormente revisa un texto de carácter descritivo con corrección gramatical, un vocabulario axeitado e unha adecuada estrutura.

Redacta textos de carácter descritivo presentando as ideas con falta de orden e coherencia e aplicando con incorreccións as regras gramaticais e ortográficas.

| | | | | |
|---|---|---|---|--|
| <p>CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.</p> | <p>Identifica aspectos do funcionamento da lingua, formulando autonomamente xeneralizacións para posteriormente modificar textos propostos de forma creativa e orixinal, mantendo a coherencia e o significado.</p> | <p>Identifica aspectos do funcionamento da lingua e formulando xeneralizacións con acompañamento para posteriormente modificar textos propostos de forma adecuada con algúns elementos orixinais e creativos e mantendo a coherencia e o significado.</p> | <p>Reelabora un texto descritivo proposto de maneira que modifique as súas características, utilice palabra diferentes e acade un resultado orixinal.</p> | <p>Non transforma o texto ou os cambios realizados son mínimos e carecen de orixinalidade.</p> |
|---|---|---|---|--|

| | | | | |
|---|---|---|--|---|
| <p>CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.</p> | <p>Realiza unha reelaboración completa e reflexionada dun texto modificando o vocabulario por termos máis claros e adecuados; organizando as ideas de forma máis coherente; e corrixindo todos os erros ortográficos e gramaticais de forma que se logre unha mellora significativa na comprensión.</p> <p>Amosa total autonomía sen necesidade de axuda externa.</p> | <p>Reelabora un texto adecuadamente modificando o vocabulario por termos máis claros e adecuados; organizando as ideas de forma máis coherente; e corrixindo a maioría dos erros ortográficos e gramaticais de forma que se logre unha mellora significativa na comprensión.</p> <p>Pode requirir algunha orientación en determinados aspectos.</p> | <p>Reelabora un texto previamente elaborado por outra alumna ou alumno para conseguir unha mellor comprensión do mesmo modificando o vocabulario, a estrutura e a ortografía. Require orientación ou axuda para realizar as modificacións.</p> | <p>Realiza unha reelaboración moi limitada ou que non mellora a comprensión do texto; as modificacións do vocabulario non son significativas; e corrixen algúns erros ortográficos e gramaticais, pero persisten outros que afectan a comprensión.</p> <p>Depende da orientación externa para realizar calquera modificación.</p> |
| <p>CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p> | <p>Identifica e corrixen de forma autónoma e precisa todos os erros ortográficos relacionados con b/v, h, m/n, g/j. Utiliza as regras de ortografía apropiadas para cada caso.</p> | <p>Identifica e corrixen a maioría de erros ortográficos relacionados con b/v, h, m/n, g/j, aínda que pode omitir algún. Utiliza as regras de ortografía.</p> | <p>Revisa a ortografía dun texto presentado corrixindo os erros gramaticais que atope relacionados con b/v, h, m/n, g/j.</p> | <p>Non corrixen erros ortográficos relacionados con b/v, h, m/n, g/j.</p> |